


Fechas: Turno completo: Do 27 de Xuño ao 29 de Xullo.  
1ª quenda: Do 27 de Xuño ao 15 de Xullo (3 semanas).  
2ª quenda: do 18 de Xullo ata o 29 de Xullo (2 semanas).



# SANTIA



Urban Summer Camp



No IES Rosalía de Castro e no Colexio Pío XII.

# Como será a miña experiencia



## Quen somos?

A Educación Integral dos rapaces e rapazas é a chave dun mundo mellor e unha responsabilidade que temos como sociedade. A educación formal, a escolaridade, non esgota esta misión. A familia e a sociedade son outros alicerces precisos pero, por desgracia, ás veces as familias non teñen todo o tempo que quixerían e a sociedade, moitas veces, non brinda os mellores exemplos.

A Fundación Educación e Deporte de Santiago de Compostela é a ferramenta do Instituto Rosalía de Castro para complementar a formación da mocidade e favorecer a conciliación familiar desde o eido do deporte e do lecer, ferramenta da que tamén dispón o CEIP Pío XII, centros sobranceiros da educación pública compostelá. Nesta actividade, o Campamento Urbano SantiaGO! conta con Piccadilly/English in Motion como colaborador técnico, expertos no ensino e consultoría en lingua inglesa. Sen ela e os seus 17 anos de experiencia, a inmersión no inglés nas nosas actividades e o noso campamento non serían o que son.



## Cando vai a ser?

Poderán disfrutar do Campamento, rapaces e rapazas escolarizados en Infantil, Primaria e ESO no curso 2015/16. O SantiaGO! celebrarase de luns a venres laborables entre o 27 de Xuño a 29 de Xullo, no colexio Pío XII (Infantil e primeiro ciclo de Primaria) e no Instituto Rosalía de Castro (segundo e terceiro ciclo de Primaria e ESO).

Son 5 semanas, que se poden disfrutar en tres "sabores": I Quenda (do 27 de Xuño ao 15 de Xullo), II Quenda (do 18 ao 29 de Xullo) e Todo o Campamento.

07:45 - 08:30

Servizo madrugador (opcional)

08:30 - 09:30  
09:30 - 11:30  
11:30 - 12:00  
12:00 - 14:00  
14:00 - 14:30

Recepción de alumnos/as

1ª Bloco  
Merenda  
2ª Bloco  
Recollida

14:30 - 16:00

Servizo comedor (opcional)

Horario orientativo.

# no Campamento Urbano SantiaGO!



## Canto custa?

O investimento por participar na actividade é de:

- 180 € pola I Quenda (do 27 de Xuño ao 15 de Xullo)
- 140 € pola II Quenda (do 18 ao 29 de Xullo)
- 280 € polo Campamento Completo (do 27 de Xuño ao 29 de Xullo)

As familias monoparentais ou as que inscriban máis dun neno/a poden beneficiarse dun 10% de desconto.



Adicionalmente e como novidade, os/as participantes do SantiaGO! poderán beneficiarse dun 60% de desconto nas certificacións TOEFL. Non dubides en consultalo.

### INSCRIPCIÓNS:

Matrícula GRATUITA ata o 10/06/2015.  
A partir desa data: 30€/familia.

1ª QUENDA 180 €

2ª QUENDA 140 €

QUENDA COMPLETA 280 €

SERVIZO MADRUGADOR  
07:45 - 08:30

SEN ALMORZO 10€ / Semana

DÍA SOLTO 3 €

ALMORZO DIARIO 1,50 €

SERVIZO COMEDOR  
14:30 - 16:00

DÍA SOLTO 8 €

SEMANA 35 €

QUENDA COMPLETA 150 €

10% de desconto na inscrición de varios fillos por familia ou familias monoparentais.



## Que actividades se farán?

O SantiaGO! ha de ser un espazo onde disfrutar e empaparse nos valores da curiosidade, o respecto a un mesmo/a e aos outros e do traballo en equipo. O noso lema é "Divertirse. Convivir. Suar.Aprender" e feis a el, programamos.

Sen esgotar tódalas actividades, disfrutaremos de:

- Actividades físico-deportivas, desde psicomotricidade a iniciación deportiva, pasando polos xogos tradicionais, sempre desde unha óptica máis lúdica que competitiva.
- Obradoiros diversos... Cociña? Maquillaxe? Manualidades? Ciencia? Música? Por qué elixir podendo ter todos!!
- Actividades puntuais... Que tal unha saída ou ratiño de piscina cada semana? Un festival? Aquapark? A metade das actividades son en inglés e todas elas están axeitadas ás idades dos/das campistas.





Urban Summer Camp

SANTIA



INSCRIPCIÓN E RESERVAS:

Piccadilly & English in Motion  
R/Feáns, 1-3 baixo.

Santiago de Compostela

Telf: 981-55-47-24.

[campamentourbano@rosaliafedesa.com](mailto:campamentourbano@rosaliafedesa.com)

[www.englishinmotion.es](http://www.englishinmotion.es)

[www.rosaliafedesa.com](http://www.rosaliafedesa.com)

Organiza e colabora:

